

A AXENDA 21 EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elvira Cienfuegos

O 27 DE ABRIL DE 2000 O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDOU EN SESIÓN PLENARIA SUMARSE Á CARTA DAS CIDADES E VILAS EUROPEAS PARA A SUSTENTABILIDADE (CARTA DE AALBORG), ASUMINDO COMO PROPIOS OS CRITERIOS DE ACTUACIÓN CONTIDOS NELA E COMPROMETÉNDOSE, ENTRE OUTROS OBXECTIVOS, A INICIAR O PROCESO DE ELABORACIÓN DUNHA AXENDA 21 LOCAL (A21L). PREVEUSE, NESTA LINHA, A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA AMBIENTAL QUE PERMITISE COÑECER EN PROFUNDIDADE OS PROBLEMAS AMBIENTAIS DO MUNICIPIO E ÍDENTIFICAR AS VÍAS PARA A SÚA RESOLUCIÓN, DE CARA A ESTABLECER UN PLAN DE ACCIÓN AMBIENTAL; E ACORDOUSE ASIMESMO Á CREACIÓN DUN CONSELLO SECTORIAL DE MEDIO AMBIENTE QUE SERVISE DE CANLE DE DEBATE, PARTICIPACIÓN E CONSECUCIÓN DO MAIOR NÚMERO DE SINERXIAS POSITIVAS.

Na Comisión de Goberno celebrada o 9 de Xaneiro de 2001 adxudicábase a unha consultora a execución do traballo de Auditoría Ambiental, consistente na diagnose do estado do medio ambiente municipal, na elaboración dun plan de actuacións coherente coa sustentabilidade e no deseño dun programa de seguimento que permita avaliar, logo de posto en marcha o Plan de Acción, o grao de mellora ambiental e de achegamento ó desenvolvemento sustentable.

A Auditoría Ambiental precisa da participación social para a consecución dos obxectivos da A21L, e os procesos participativos deben ser apoiados por un plan de comunicación que sirva para a concienciación, formación e información da poboación. O Concello dispón neste sentido dunha web municipal, edita unha revista de medio ambiente ("Tella"), difunde información nos medios de comunicación, presenta os resultados das distintas fases do proxecto (recentemente, nas Xornadas sobre A21L organizadas pola FEG), etc.



Nestor Rego, Concelleiro de MA en Santiago

O CONSELLO SECTORIAL DE MEDIO AMBIENTE

O 16 de Xaneiro de 2001 constituíuse o Consello Sectorial de Medio Ambiente, órgano composto por 35 membros: representantes de grupos ecoloxistas e de grupos de defensa dos animais, representantes de consumidores, de asociacións veciñais, de asociacións xuvenís, de asociacións empresariais, de sindica-

tos, da Universidade ... así como dos grupos políticos representados no Concello, o Pleno do cal designa a 2 expertos/as en temas ambientais; tamén forman parte do Consello tres técnicos municipais e dous representantes da Consellería de Medio Ambiente (que ata o momento non se incorporaron). Preside os Plenos do Consello o Concelleiro de Medio Ambiente, Néstor Rego (en representación do Alcalde) e a Vicepresidencia é elixida entre os representantes dos grupos ecoloxistas (nesta lexislatura recae na representante de ADEGA). Na primeira sesión do Concello constituíronse dúas Comisións de traballo, unha delas destinada ó seguimento da Auditoría Ambiental.

No Pleno celebrado o 28 de maio facilitouse ós membros un dossier informativo sobre o proceso da A21L e deuse conta polo miúdo dos obxectivos e metodoloxía da Auditoría Ambiental, particularmente da fase de diagnose, xa iniciada, e orientada á análise de factores ambientais, socioeconómicos e organizativos; sobre cada un destes factores a consultora realiza unha diagnose técnica de carácter cuantitativo (baseada en estudos oficiais, estatísticos, traballos de campo e estándares) e unha diagnose de carácter cualitativo, derivada da participación social. Este estudio cualitativo remata cunha enquisa a unha mostra da poboación e iníciase con entrevistas individuais a axentes clave da vida local (polo seu interese, coñecementos, influencia, liderazgo...) que responden a un amplio cuestionario aberto. No Consello debateuse sobre os contidos daquel e determináronse os colectivos dos que habería de ser entrevistado unha representante, ademais dos presentes no Consello.

Dentro do proxecto A21L, prevése que no futuro o Consello Municipal de Medio Ambiente de Santiago desempeñe as seguintes funcións:

Revisión, validación e aprobación do Plan de Acción Ambiental

Colaboración na posta en práctica de medidas, actividades e programas de fomento da participación ciadá no proceso de A21L.

Colaboración no deseño e implantación de campañas e programas públicos destina-

dos á concienciación e compromiso da cidadanía co seu contorno.

Para contribuír a estas funcións, está presta a creación de grupos de traballo ós que se incorporen persoas non integrantes do Consello que amosen un especial interese ou sexan expertas nos temas a tratar.

A AUDITORÍA AMBIENTAL PRECISA DA PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA A21L, E OS PROCESOS PARTICIPATIVOS DEBEN SER APOIADOS POR UN PLAN DE COMUNICACIÓN QUE SIRVA PARA A CONCIENCIACIÓN, FORMACIÓN E INFORMACIÓN DA POBOACIÓN

Neste momento, no seo do Consello están a funcionar tres comisións: a xa citada relativa á Auditoría Ambiental, unha de residuos e outra forestal; aspectos como a nova taxa por recollida do lixo foron ademais tratados polo Concelleiro do Medio Ambiente en reunións con distintos sectores sociais afectados. Sen dúbida, as bases para a participación están sentadas pero queda aínda moito camiño para aprofundar nela, ata que sexa percibida pola sociedade como instrumento irrenunciable non só para a sustentabilidade senón tamén para a propia vida democrática.

Máisinformación:

- <http://www.santiagodecompostela.org/concello/mambiente/index.html>

AXENDA 21 LOCAL TAMÉN EN A CORUÑA

O concurso para Axenda 21 Local no Concello de A Coruña está en fase de axudación, prevéndose que os traballos comecen antes do próximo verán. Segundo afirmou Carmén Marón, concelleira de MA, nunha entrevista con membros de ADEGA, con este proxecto o Concello non busca facer unha simples declaración de principios ou editar un libro bonito, senón acadar obxectivos concretos en árees concretas.